

**DATOS DA PERSOA INTERESADA**

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE/CIF:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE/CIF:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		Canle de notificación: <input type="checkbox"/> Telemática <input type="checkbox"/> Postal	
		Notifíquese a: <input type="checkbox"/> Solicitante <input type="checkbox"/> Representante	
CONCELLO:	PROVINCIA:	CP:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:

DATOS DA CONSTRUCCIÓN OU INSTALACIÓN

DESCRICIÓN DAS OBRAS EXECUTADAS OBXECTO DA PRIMEIRA OCUPACIÓN:
RELACIÓN DA/S LICENZA/S URBANÍSTICA/S QUE AUTORIZARON A EXECUCIÓN DA CONSTRUCCIÓN:
LOCALIZACIÓN DA EDIFICACIÓN:
REFERENCIA/S CATASTRAL/S:
RELACIÓN DE MEMORIA E PLANOS DE ESTADO DEFINITIVOS QUE SE APORTAN:

COMUNICACIÓN

COMUNICO A PRIMEIRA OCUPACIÓN das obras executadas e rematadas de conformidade coas licenzas municipais outorgadas, segundo consta no certificado final de dirección de obra suscrito pola dirección técnica, o cal se xunta.

DECLARO que se achega toda a documentación requerida e que se cumpriron a totalidade das condicións establecidas nas licenzas outorgadas.

TODOS OS CAMPOS DESTA INSTANCIA DEBERÁN SER CUBERTOS.

NOTA: no dorso deste impreso indícase a documentación que deberá achegar.

Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

Ó SERVIZO DE LICENZAS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta comunicación serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta comunicación supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: Consultar na folia anexa a este impreso.

COMUNICACIÓN PREVIA DA PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS EDIFICIOS

- O título de habilitación urbanística para a primeira ocupación dos edificios é o de comunicación previa. A comunicación previa da primeira ocupación deberá ser presentada e outorgada con carácter previo ó uso ou utilización das edificacións que obtiveron licenza de edificación de nova planta, de rehabilitación, reconstrución e ampliación das edificacións existentes, así como os cambios de uso sustanciais das edificacións, incluíndo os cambios de uso a vivenda de parte dos inmobles.
- A comunicación previa da primeira ocupación presentarase para edificios amparados en licenza que requirisen proxecto técnico de edificación con arreglo á normativa xeral de ordenación da edificación, deberá ir acompañada do certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, subscritos por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente, así mesmo, presentarase a documentación completa que se relaciona.
- Poderanse comunicar a primeira ocupación parcial por edificios ou portais completos, cando a parte de obra obxecto de licenza cumpra os seguintes requisitos:
 - Que o estado de execución das obras autorizadas permita a súa utilización e ocupación con independencia da parte do edificio ou a construción inacabada.
 - Que a parte para cuxa ocupación ou utilización se solicite licenza, fose executada íntegramente de conformidade co proxecto autorizado e se procede, coas súas modificacións e coas condicións da licenza urbanística outorgada.
 - Que a súa utilización e ocupación e o remate das obras non se interfiran mutuamente de forma grave.
 - Outras que establezan as ordenanzas municipais da edificación, se procede.

Nos supostos indicados anteriormente, o concello poderá esixir mediante acordo motivado que o solicitante constitúa garantía para asegurar a correcta execución das obras restantes.

INSTRUCCIÓNS

- 1. SE O INTERESADO NESTE PROCEDIMENTO É PERSOA XURÍDICA ESTÁ OBRIGADA A INICIAR O PROCEDIMENTO ELECTRÓNICO Y002, A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO, CUBRINDO TODOS OS CAMPOS (artigo 16.8 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).**
 - 2. DEBERANSE CUBRIR TODOS OS CAMPOS DA INSTANCIA E APORTAR A DOCUMENTACIÓN, RELACIONADA A CONTINUACIÓN, QUE SE REQUIRA SEGUNDO O CASO.**
 - 3. A FALTA DE DATOS NA INSTANCIA OU DA PRECEPTIVA DOCUMENTACIÓN, IMPLICARÁ A INEFICACIA DA COMUNICACIÓN POR INCOMPLETA, SE NON SE SUBSANA A FALLA.**
-

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR COA COMUNICACIÓN

- Xustificante de pagamento dos tributos municipais. Para realizar a correspondente autoliquidación dos tributos deberá poñerse en contacto co Servizo de Facenda Local do Concello, presencialmente ou a través do correo electrónico tasasobras@lugo.gal.
- Se actúa mediante representante, deberá incorporarse documento que acredite a representación.
- Identificación da licenza ou licenzas municipais de edificación, que se outorgaron para a execución das obras cuxa ocupación se comunica.
- Orzamento final de obra.
- Certificado final de obra orixinal asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.
- Declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.
- No caso de variacións non substanciais na obra executada, deberá presentarse unha memoria e planos de situación final da obra, nos que queden perfectamente recollidas, descritas e identificadas, as variacións introducidas, facendo constar a súa compatibilidade coas condicións da licenza.
- Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora:
 - Certificado ou boletín de auga, gas, electricidade, calefacción, auga quente sanitaria, ventilación, telecomunicacións, outros servizos comunitarios..., segundo proceda.
 - Certificado de fin de obra como garantía de que a instalación se axusta ao proxecto técnico da infraestrutura de soporte do fogar dixital, se procede.
 - Certificación de eficiencia enerxética de obra terminada, debidamente rexistrado conforme ao Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia (arts. 2, 3 e 4), se procede.
 - Se o abastecemento e o saneamento se resolven por medios individuais deberá presentarse a comunicación de resolución do Organismo de Cunca do expediente de recoñecemento do dereito ao uso privativo e inscrición no Rexistro de Augas do pozo, e/ou a resolución do mesmo Organismo da aprobación da Acta do recoñecemento final favorable das instalacións de depuración.
- Certificación do cumprimento dos requisitos acústicos de conformidade co establecido no Real Decreto 1371/2007, e na aplicación do Decreto 106/2015, sobre contaminación acústica de Galicia, se procede.
- Certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración.
- No caso de acometida á rede de subministración de enerxía eléctrica, considerárase documentación xustificativa da súa adecuada execución, a comunicación de CUPS (Código Universal Punto de Subministro) emitido por BEGASA, ou dun recibo da empresa comercializadora, ou dunha certificación emitida pola empresa subministradora.
- Xustificante da alta do inmovible no Catastro.
- Reportaxe fotográfica do edificado xa rematado.
- De conformidade co establecido no artigo 35 da Ordenanza municipal sobre a conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións, terá que achegar a FICHA TÉCNICA DA EDIFICACIÓN, cuberta na parte que lle corresponda.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

-Teléfono: 982 297 100

-Correo electrónico: 010@lugo.gal

-Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

FINALIDADE:

Tramitación da solicitude instada pola/o interesada/o.

LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e atopa o seu fundamento na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en dita materia. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).